



Concello de Monterroso

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN (01) PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, EN RELACIÓN O PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2026 DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONTERROSO (6 meses a xornada completa).

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de 01 peón de servizos múltiples, durante seis meses a xornada completa; vinculados ó programa de reforzo do emprego 2026 da Excm. Deputación de Lugo.

SEGUNDA.- Tipo e duración do contrato:

Os contratos serán de traballo temporal de duración determinada por circunstancias da produción modelo 402 cunha duración máxima de 6 meses.

A xornada laboral será a tempo xornada completa; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización da Alcalde-Presidente.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

d) É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

Presentación: As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ó Alcalde, presentándose no Rexistro electrónico do Concello ou no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Prazo: O prazo de presentación de instancias será de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Publicidade: As bases serán publicadas na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>), no taboleiro de edictos do Concello sito na sede electrónica e na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo. O resto dos actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>)

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 13.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, deberá poñelo en coñecemento da entidade a través de correo electrónico (concello.monterroso@eidolocal.es) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Documentación a presentar coa solicitude: Á instancia unirase inescusablemente:

a) Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Estar desempregado/a ou en situación de demandante de mellora de emprego. Este requisito debe acreditarse aportando a tarxeta de demandante de emprego ou

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

de mellora do emprego e a vida laboral actualizada á data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da sinatura do contrato.

c) Fotocopia de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 deste base para a presentación de solicitudes, transcorrido co cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación de tódolos candidatos, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo dun mes, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>, indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>, a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo.

Vogais: Tres persoas funcionarias ou laborais fixos, técnicas ou expertas.

Secretario/a: Persoal funcionario.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual. Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) no taboleiro de edictos do Concello. Incorporación de persoal asesor e de colaboración. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor ao obxecto de oír a súa opinión especializada, así como de persoal colaborador para o apoio durante o desenvolvemento do sistema selectivo. Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada Lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a dos ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA: Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

MÉRITOS

1.-Proba práctica (6 puntos):

Valorarase o manexo de maquinaria de obra (maquinaria e utensilios de albanería, electricidade, fontanería, etc...) e a realización de tarefas propias de profesionais do sector da construción. A non superación desta proba supón a eliminación do candidato.

2.-Fase de concurso (7 puntos):

1.- En relación coa idade (3 puntos):

- persoas desempregadas menores de 30 anos sen cualificación profesional: 1 punto,
- persoas desempregadas con idade entre 30 e 65 anos ambas inclusive: 3 puntos,

2.- _Tempo traballado: máximo 4 puntos.

- 0.15 puntos por mes traballado en postos no sector da construción (peón obras públicas, peón servicios multiples, albanel, peón obras, electricista, fontanero) tanto na administración pública coma no sector privado cun máximo de 4 puntos.

Acreditarase con informe de vida laboral e copia de contratos de traballo

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 3 da fase de concurso).
- 2) Solicitante de maior idade.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0> , os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estos xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non resentasen

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non derán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, do *Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

Monterroso, na data da sinatura á marxe

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D./D^a., maior de idade, con DNI e con domicilio a efectos de notificacións en e número de teléfono

EXPOÑO

Que sendo coñecedor da convocatoria e das bases publicadas para a contratación laboral temporal de 01 peón de servizos múltiples, durante seis meses a xornada completa; vinculados todos eles ao programa de Reforzo do emprego 2026 da Excm. Deputación de Lugo.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

SOLICITA

Tendo por presentada a presente solicitude para o posto de peçon de servizos múltiples dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria. Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos establecidos nas bases aprobadas nun total de follas (en letra e número e sen incluír esta).

....., de de 20.....

ASDO.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERROSO

1. Cláusula de primeira capa

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

De acordo co establecido no Regulamentos UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Monterroso con dirección en Praza de Galicia, nº 1, CP 27560, en Monterroso (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. Os seus datos persoais cederanse cando exista unha obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

2. Información adicional de protección de datos

Tratamento	XESTIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS
Responsable	Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso; correo electrónico: concello.monterroso@eidolocal.es ; teléfono: 982 37 70 01
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Laura Huerta Lejo Correo electrónico: laura@ihlconsultores.com ; teléfono: : 982330462
Finalidade e prazos de conservación	Xestión dos expedientes administrativos que se xeran no Concello, tramitación de instancias e/ou solicitudes administrativas formuladas ao Concello. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar posibles responsabilidades que puidieran derivarse da dita finalidade e/ou tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non se utilizarán para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal regulada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administraciones Públicas.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos aos órganos administrativos do Concello, aos que se dirixa a súa solicitude e, no seu caso, aos que teñan competencia sobre o asunto formulado segundo a Lei 39/2015.
Dereitos das persoas interesadas	Calquera persona ten dereito a obter confirmación sobre se no Concello de Monterroso se están a tratar datos persoais que lle concernan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos. Para iso as solicitudes de exercicios de dereitos poden dirixirse ao Registro de Entrada do Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso, ou a través dos formularios dispoñibles en https://monterroso.sedelectronica.es/info.0 (Protección de datos). Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respeta, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php)

